

# Plan Dixital

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024	Plan pechado-seguemento

## 1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2021/2022
Curso fin	2023/2024
Data de actualización	22/04/24
Data aprobación consello	02/10/23
Data aprobación claustro	02/10/23

## 2. Introducción

A elaboración deste plan xorde como necesidade para que o centro sexa competente dixitalmente nos procesos de ensino-aprendizaxe, así como a nivel de xestión e relación coa comunidade educativa. Esta mellora da competencia dixital aparece recollida no artigo 121 da LOMLOE no que se establece que os centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten. Estas instrucións foron ditas na: Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Foron varias as medidas levadas a cabo a nivel de centro nos últimos anos para achegarnos aos propósitos de dito programa de innovación educativa. No curso 2019-2020, participouse no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” e no programa de innovación educativa “Club de Ciencia”. Nese mesmo curso, creouse un espazo maker a nivel de centro no 1º andar pero que se ve moi dificultado o seu uso ante o reducido espazo e a limitación de recursos cos que conta. No curso 2020-2021 incorporámonos a Radio na Biblio e no curso 2021-2022, participamos no IV Concurso de Podcasts – Radio na Biblio, organizado dende a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. No curso 2021-2022 tamén nos incorporamos a Digicraft, programa da fundación Vodafone, que se continua curso 2022-2023 co profesorado de 5º de EP. No curso 2021-2022, tamén se participa no Proxecta +: “Aprendo programando”. O CEIP Vicente Otero Valcárcel incorporouse ao proxecto Edixgal no curso 2019-2020, polo que o alumnado de 5º e 6º de EP conta con ordenadores portátiles (Lenovo ThinkPadYoga 11e 5Th G), e os antigos equipos Abalar están sendo usados nas restantes aulas de EP de cursos inferiores (1º, 2º, 3º e 4º de EP). O centro tamén conta cunha materia de libre configuración en 6º de EP: “Scratch”, vencellada ao ámbito creativo no eido dixital e na alfabetización en habilidades básicas de programación e pensamento computacional.

O contexto do centro é:

- CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel está situado na vila de Carral (A Coruña)
- 24 unidades: 6 de Educación Infantil e 18 de Educación Primaria, reunindo a un total de 443 alumnas e alumnos.
- O centro leva varios anos tratando de mellorar a competencia dixital da comunidade educativa, aumentando os recursos dixitais e participando nos programas que ofrece a Consellería (Abalar, Edixgal, Aula Virtual, Polos Creativos). Tamén se realizan accións formativas dixitais como Digicraft, ExeLearning, robótica educativa, Scratch (Proxecta+),...
- Dende o curso 2019-20 o alumnado de 5º e 6º de EP emprega Edixgal e o resto do alumnado, Aula Virtual (AV). Ademais

o uso da AV viuse incrementado por mor da Covid-19, ao igual que o uso da plataforma Webex. No centro impártese Scratch como materia de libre configuración de 6º EP (baseada na programación mediante bloques).

- Ademais das canles presenciais, a comunicación entre o profesorado ten lugar a través de correo corporativo ou Abalar. Por outra banda, a comunicación coas familias realízase a través de Abalar e da propia páxina web do centro (Webs Dinámicas).

O proceso de deseño e elaboración deste plan levouse a cabo no curso académico 2021-22, a través dun equipo de docentes de Dinamización do Plan Dixital que conformaron un PFPP. Para isto, o equipo levou cabo as seguintes actuacións:

- Informe SELFIE
- Test CDD
- Análise DAFO
- Plan de acción
- Documento final do Plan Dixital

Este documento plantexa a consecución de 2 obxectivos durante varios curso escolares, en principio 4. No curso 2022-2023, implementouse o obxectivo do plan relacionado con Polos Creativos. No presente curso, 2023-2024, temos a intención de continuar con este obxectivo.

### **3. Contexto DAFO**

#### **3.1. Instrumentos de recollida de información previa**

Realízase no curso 2021-2022.

- Informe SELFIE
- Test CDD

### 3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Existe un aprendizaxe da competencia dixital fomentado polo centro, sen embargo, non teñen interiorizado o uso responsable de Internet debido a factores externos ó centro como as redes sociais. Polo que, unha gran debilidade do noso alumnado é que non son conscientes do perigo que pode conlevar a tecnoloxía da súa vida diaria.	Alumnado	Non
Debilidade	No noso centro non existe un sistema de protección de datos aínda que sí que coñecemos a lexislación vixente (Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal)	Infraestruturas	Non
Debilidade	Como debilidade, en canto a oferta da Administración Educativa nas modalidades de formación, destacamos que non se axustan as necesidades formativas de competencia dixital dos docentes.	Oferta	Non
Debilidade	Dentro da organización do noso centro podemos destacar como debilidade que dende o equipo directivo non se promove o emprego de software libre no ámbito educativo e polo tanto moitos docentes non o usan e non coñeces as súas vantaxes.	Organización de centro	Non
Debilidade	A maior debilidade atopada no noso centro avalía maioritariamente de maneira tradicional non empregando recursos dixitais. Ademais atopáronse as seguintes debilidades: Falta de intercambio na propia comunidade educativa sobre a ensinanza das tecnoloxías dixitais, incluíndo as visita de estudio Creación de recursos dixitais. Emprego das tecnoloxías para reflexionar sobre o aprendizaxe do alumnado Uso de datos dixitais sobre alumnos concretos para a mellora da súa experiencia de aprendizaxe Escaseza de tempo para explorar ferramentas tecnolóxicas o que conleva pouco espírito colaborativo e competitivo.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O alumnado do noso centro conta con unha boa competencia dixital xa que se traballa de maneira específica nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria a través de Edixgal. Como fortalezas podemos destacar: Posibilidade de empregar dispositivos dixitais propios do centro e que poden levar a casa. Aprendizaxe no centro de creación de contido dixital. Uso seguro e responsable en internet. Alta motivación cando se emprega a tecnoloxía	Alumnado	Non

Fortaleza	<p>No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino-aprendizaxe das tecnoloxías dixitais, xa que conta con:</p> <p>Aula de informática con 25 postos Equipamento Edixgal para 5ºEP e 6ºEP Ordenadores abalar para alumnado reubicados en aulas de primaria Proxectores en todas as aulas Ordenadores para o profesorado en todas as aulas 13 PDI 1 webcam e 1 HUE-HD Espazo Maker cunha impresora 3D, robots educativos,... Biblioteca: 7 postos de ordenadores, 1 proxector, 1 PDI, 9 tablets Radio: 1 posto de ordenador e 1 equipo de son e 5 micrófonos e cascos</p> <p>Por outra banda, tamén facilítase acceso a internet e dispónse de asistencia técnica cando xorden problemas con las tecnoloxías dixitais.</p>	Infraestruturas	Non
Fortaleza	<p>Na nosa oferta como centro empregamos os servizos dixitais educativos corporativos (web, aula virtual, vídeo conferencia, abalar Mobil, correo electrónico...) para difundir a información de interese e facilitar o seguimento da actividade académica do alumnado.</p>	Oferta	Non
Fortaleza	<p>Debido a que no noso centro contamos coas medidas para identificar as dificultades que xorden co aprendizaxe mixto, as necesidades de aprendizaxe do alumnado e do seu contexto socioeconómico, na nosa organización contamos con espazos físicos que facilitan a ensinanza e aprendizaxe das tecnoloxías dixitais. Por iso existe equipamento informático mercado polo centro e empréganse os servizos dixitais educativos corporativos para difundir a información do centro e o ensino virtual.</p>	Organización de centro	Non
Fortaleza	<p>O equipo directivo do noso centro trata de falar co seu profesorado acerca das necesidades de desenrolo profesional continuo apoiando para que exploren novas formas de ensinanza con tecnoloxía dixitais.</p> <p>Existe un gran numero de docentes que se apoian en medios dixitais para a impartición das clases asegurándose que o alumnado desenrole habilidades dixitais nas diferentes materias. Ademais o profesorado do centro leva a cabo as seguintes accións:</p> <p>Procura recursos educativos dixitais online Emprega entornos virtuais de aprendizaxe para motivar ó alumnado Emprega recursos educativos abertos (Canva, Educaplay, Audacity...) que facilitan a reflexión do alumnado. Usa as tecnoloxías dixitais para facer comunicacións relativas ó centro como o e-mail da xunta ou a aplicación de abalar móbil. E, por último, gracias o emprego das tecnoloxías dixitais as mestras e mestres son quen de adaptar o seu método de ensinanza e aprendizaxe as necesidades individuais do alumnado.</p>	Persoal docente	Non

### 3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Como ameazas destacamos: Falta de tempo para explorar como mellorar o método de ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. Escaseza de orientación e asesoramento da Administración á hora de proporcionar recursos ou ferramentas dixitais para a avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.	Administración educativa	Non
Ameaza	Como ameazas da nosa contorna sinalamos: Falta de conectividade nas áreas máis rurais próximas o noso centro.	Contorna	Non
Ameaza	Como ameazas da lexislación podemos destacar: A responsabilidade que ten a persoa directora do centro en materia de protección de datos. Falta de formación acerca das licenzas de dereito de autor e de uso	Lexislación	Non
Oportunidade	Como oportunidades ofertadas pola administración educativa destacamos: Formación para o profesorado a través da formación en rede que favorece o seu DPC no relativo a ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías Acceso a tecnoloxía asistencial para o alumnado NEE	Administración educativa	Non
Oportunidade	Como oportunidades da ANPA destacamos: Emprego das redes sociais para dar a coñecer o que se fai no centro. Facilidade á hora de empregar as tecnoloxías dixitais.	ANPA	Non
Oportunidade	Como oportunidades da nosa contorna destacamos: O noso alumnado encontrase na xeración de nativos dixitais. Conectividade aberta (Wifi) do Concello de Carral Conectividade nas casas do alumnado Apoio do Concello de Carral Actividades extraescolares de informática e robótica	Contorna	Non

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O02PD	Realizar actividades creativas para desenvolver a competencia dixital na comunidade educativa (F4)
O04PD	Analizar e reflexionar sobre o tempo de exposición ás pantallas do alumnado na xornada escolar (B2)

### 4.2. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

#### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

#### 4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de propostas de actividades realizadas	0	30	30			

### 4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1: Planificación de obradoiros relacionados coa metodoloxía STEM e espazos creativos	30/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Equipo dinamizador do Plan Dixital	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Todos os meses o equipo docente do PFPP de Polos creativos organiza, planifica e deseña retos e recunchos novos na aula de polos creativos.	02/02/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2: Desenvolvemento dos obradoiros relacionados coa metodoloxía STEM e espazos creativos	30/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Profesorado implicado	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Todo o alumnado do centro ten acceso as propostas educativas deseñadas para a aula de Polos Creativos, principalmente nos recreos. Atópanse problemas para continuar empregando os lápices 3D xa que vanse estropeándose todos. Tamén tivemos problemas coa impresora 3D, xa que se desmontan pezas e bloquea a impresión. Non obtvemos formación de asistencia técnica dos equipos e os servicios técnicos dificultan bastante o arranxo dos problemas. Todo esto bloquea enormemente a labor docente con este material.	02/02/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.3: Visibilización do traballo desenvolto polo alumnado cara toda a comunidade educativa	30/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Equipo directivo e profesorado implicado	
<b>Destinatario</b>	Comunidade Educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Periodicamente publícase na web do centro e/ou no blog de Polos as actividades realizadas polo alumnado.	02/02/2024	

#### 4.3. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

##### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

##### 4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
% de tempo de exposición ás pantallas, na xornada escolar	0	0	50%			



### 4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Presentación e debate da exposición ás pantallas do alumnado do Centro	30/11/2023	novembro
<b>Responsables</b>	Coordinadora TIC	
<b>Destinatario</b>	EquipoTIC	

Revisión	Data	Arquivo
Na reunión mensual do equipo TIC, a coordinadora expón o obxectivo a levar a cabo. Falamos e debatimos as opinión do equipo acerca do uso das pantallas no centro. Quedamos en facer unha búsqueda de información e noticias de expertos sobre o tema para continuar o proxecto	04/12/2023	

Acción	Data máxima	Temporalización
Elaboración de ferramentas necesarias para recabar información do profesorado acerca do tempo de exposición ás pantallas	30/01/2024	xaneiro, decembro
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Posta en común das ideas e información atopada. Decidimos levar a cabo unha enquisa telemática a todo o profesorado. Terá que ir rexistrando os tipos de uso que o alumnado da ás pantallas durante unha semana.	05/02/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Análise dos datos recabados	30/03/2024	febreiro, marzo
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Equipo TIC	

Revisión	Data	Arquivo
Os datos reflicten un uso moderado na etapa infantil e a comezo da primaria. E vai ascendendo en tempo e ampliando o uso a portátiles, segundo avanzamos na primaria	08/04/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Elaboración de documento con: - conclusións da situación - recomendacións de exposicións ás pantallas e uso das mesmas - outros aspectos	30/06/2024	abril, xuño, maio
<b>Responsables</b>	equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	profesorado	

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

Neste Plan Dixital, preveuse inicialmente implementar 3 obxectivos que redunden nunha mellorar no eido das TIC:

- Realizar actividades creativas para desenvolver a competencia dixital na comunidade educativa (F4)
- Analizar e reflexionar sobre o tempo de exposición ás pantallas do alumnado na xornada escolar (B2)

Puntualizar que os indicadores anteriormente mencionados en cada obxectivo enténdense da seguinte maneira:

- Valor inicial: antes de comezar a desenvolver o Plan Dixital
- Valor obxectivo ano 1: valor no primeiro curso de aplicación
- Valor obxectivo ano 2: valor no segundo curso de aplicación
- Valor obxectivo ano 3: valor no terceiro curso de aplicación
- Valor obxectivo ano 4: valor no cuarto curso de aplicación
- Valor acadado: valor tras os catro anos de aplicación

Con carácter trimestral valorarase o grao de desenvolvemento do/s obxectivo/s a levar a cabo no presente curso. No curso 2022-2023, levouse a cabo o obxectivo F4 a través da creación e implementación da aula de Polos Creativos. A pesar de que o material chegou para 2º trimestre, comezouse a traballar desde principios de curso.

Neste curso académico, preténdese continuar co obxectivo vinculado ao proxecto de Polos Creativos.

### 5.2. Primeiro trimestre

Leváronse a cabo todos os obxectivos, aínda que tivemos que modificar e adaptar algunhas actividades propostas para o alumnado, xa que o material (impresora 3D e lápices 3D) non funciona.

No equipo TIC començou a idear e planificar como faremos o estudo do uso das pantallas no alumnado no centro.

### 5.3. Segundo trimestre

Leváronse a cabo todos os obxectivos, modificando as actividades para o empregar o material da dotación que si funciona. Levamos a cabo o deseño das enquisas para estudar o uso das pantallas no colexio por parte do alumnado. Foron realizadas facendo un seguemento dunha semana, por parte do profesorado. Queda pendiente facer o análisis, valoración e propostas de mellora, se houbera.

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

A avaliación é procesual, contemplando posibles modificacións durante o curso, en base a necesidades que poidan ir xurdindo (plazos da Administración, posibles imprevistos, baixas de profesorado, necesidades formativas...) e final, contemplando as melloras de cara ao seguinte curso, así como a posta en marcha de aquelas accións que non foron executadas.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

A difusión do Plan Dixital faise a través das plataformas corporativas da Xunta:

- Enviárase un correo electrónico a todo o profesorado co documento. O profesorado tamén ten acceso ao Plan Dixital na plataforma de EduCalidade.
- Colgarase na páxina web do Centro (blog de Polos Creativos) para que toda a Comunidade Educativa teña coñecemento do mesmo.
- Avisarase por Abalar Móbil ás familias para cando haxa novas na consecución do obxectivo deste curso.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

Descrición	Arquivo
SELFIE	15032959_CEIP Vicente Otero Valcarcel_SELFIE_26-12-21_16-12-21.pdf
CDD	15032959_CEIP vicente otero valcarcel_CDD_07-03-2022.pdf
DAFO	15032959_CEIP Vicente Otero Valcarcel_DAFO_01-04-22.pdf
PLAN DIXITAL	15032959_CEIP Vicente Otero Valcarcel_PlanDixital_V1.0_070622.pdf